



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



Financiado pola
Unión Europea

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN

Procedemento de contratación do Servizo de Xestión e Asesoría Laboral, Contable e Fiscal

Número de Expediente: **GALP3-2023-001**

Publicado na web <https://galp.xunta.gal> o **13-07-2023**

1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro Costa da Morte CIF: G-70181797
Obtención de documentación e información	▪ Enderezo: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños (A Coruña). ▪ Teléfonos: 981 70 73 78 – 626 104 619 ▪ Correo electrónico: galp.mar.costadamorte@xunta.gal ▪ Sitio Web do contratante: https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Dende a data da publicación do anuncio de licitación (13 de xullo de 2023), na web https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions ata o 21 de xullo de 2023 , derradeiro día para presentación de ofertas.
Referencia do expediente	GALP3-2023-001
Denominación do expediente	Servizo de Xestión e Asesoría Laboral, Contable e Fiscal

2. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urxente		
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar)	Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado.		
Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non	Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de xestión e asesoría laboral, fiscal e contable e garantir o cumprimento da normativa en materia contable, laboral e fiscal do Galp Costa da Morte, entidade sen ánimo de lucro, colaboradora da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA 2021-2027), segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026.
Prazo de execución	O prazo de execución será dende o mes de agosto de 2023 ata o 31-12-2026.
Prórrogas	Si. O contrato poderá prorrogarse por un máximo de 36 meses, ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será anual, salvo a última, que será polo tempo restante do programa, segundo convenio coa Consellería do Mar en vigor e obrigatoria para o contratista se o preaviso se fai cunha antelación mínima de 2 meses á data de remate do contrato.
Calendario para a prestación dos servizos	Os servizos realizaranse ao longo de cada ano e responde aos prazos e obrigas contempladas nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.
Duración	41 meses sen prórrogas. Duración máxima, incluído posibles prórrogas 77 meses.

4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no apartado 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Criterios avaliados mediante xuízo de valor: Non hai.

Criterios avaliados de forma automática (100 puntos):

Criterio	Puntuación	Ponderación
a) Oferta económica-prezo (máximo 40 puntos) Asignarase o máximo de puntuación (40 puntos) á oferta de prezo máis baixo, asignándolle a puntuación ao resto de ofertas mediante proporcionalidade inversa, aplicando a seguinte fórmula: Oferta de prezo máis baixo ----- 40 puntos Oferta valorada ----- X puntos $X = \text{Oferta de prezo máis baixo} \times 40 / \text{Oferta valorada}$.	40	40%



b) Experiencia, referenciada en meses, da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso do técnico encargado directamente do mesmo, que vaia a executar directamente o contrato, en servizos de xestión e asesoría contable, fiscal e laboral a entidades sen ánimo de lucro, que xestionaron fondos europeos para aplicación de Estratexias de Desenvolvemento Local, ou entidades sen ánimo de lucro que xestionan fondos europeos no marco dalgún dos seguintes programas: Fondo Europeo de Pesca (FEP), Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) ou Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) (máximo 60 puntos). Asignarase o máximo de puntuación (60 puntos) á proposta que acredite maior experiencia, asignándolle a puntuación ao resto de propostas mediante proporcionalidade directa, aplicando a seguinte fórmula: Proposta de maior experiencia ----- 60 puntos Proposta valorada ----- X puntos $X = \text{meses de experiencia Proposta Valorada} \times 60 / \text{meses Proposta Maior Experiencia}$.	60	60%
--	----	-----

Aplicación dos criterios avaliados de forma automática

Criterio	Aplicación
Prezo	Anexo III coa oferta económica.
Experiencia	Certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos, breve resumo da labor realizada, período ou períodos de realización, identificando o mes e ano de inicio e mes e ano de finalización de cada período.

5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado do contrato	16.442,30 € (ive excluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	8.491,86 €
	IVE (21%)	1.783,29 €
	Importe total de licitación	10.275,15 €
Financiamento	Esta contratación está financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura e Xunta de Galicia segundo convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para o período 2023-2026.	



6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Nas oficinas do Galp Costa da Morte: Lugar A Camposa s/n – Buño. 15.111 Malpica de Bergantiños (A Coruña), en horario de 8.30 a 15.00, días laborables de luns a venres ou por correo certificado, sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos (achegarse ao enderezo electrónico galp.mar.costadamorte@xunta.gal xustificante de presentación antes da finalización do prazo), dentro do prazo de presentación indicado neste apartado.
Prazo de presentación	Dende a data da publicación do anuncio de licitación (13 de xullo de 2023), na web https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions , ata o 21 de xullo de 2023 . Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous pechados: • SOBRE A (debe identificarse no seu exterior como “SOBRE A”): - Anexo II de declaración responsable do licitador. - Os empresarios que sexan persoas xurídicas, aos efectos de acreditar a capacidade de obrar e que o seu obxecto social se axeita a actividade obxecto do contrato, achegaran a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. - Certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. - Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira: ○ Contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus



	libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil ou no se caso, dos libros exixidos pola normativa de aplicación, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios. ○ Xustificante de seguro de responsabilidade civil, por riscos profesionais, en vigor. - Documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional: ○ Xustificante do título de xestor administrativo da persoa responsable da execución do contrato ou no seu caso, do técnico encargado directamente do mesmo. • SOBRE C (debe identificarse no seu exterior como “SOBRE C”): - Documentación acreditativa dos Criterios avaliables de forma automática: Anexo III coa oferta económica. - Certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos, breve resumo da labor realizada, período ou períodos de realización, identificando o mes e ano de inicio e mes e ano de finalización de cada período. A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folla independente co índice do contido dos documentos que se presentan.
Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta	Dous (2) meses contados dende a data de apertura de proposicións.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



Financiado pola
Unión Europea

7. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública sobre C
Lugar	Sede do Galp Costa da Morte. Lugar A Camposa s/n – Buño. Malpica de Bergantiños (A Coruña).
Data e hora	Publicarase na web https://galp.xunta.gal/costa-da-morte/licitacions a data e a hora da apertura do sobre C, cun mínimo de 48 horas de antelación.

8. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- [Prego de Cláusulas Administrativas e Técnicas.](#)
- [Anexo II](#) (incluír cuberto e asinado no Sobre A)
- [Anexo III Modelo Oferta Económica](#) (incluír cuberto e asinado no sobre C)

En Buño a 13 de Xullo de 2023

O XERENTE GALP COSTA DA MORTE

Asdo.: Guillermo González Díez